

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CULLEREDO**

*ANUNCIO da aprobación inicial do Plan especial de reforma interior PERI UA-58 e UA-59 en Vilaboa.*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de decembro de 2023, acordou a aprobación inicial do Plan especial de reforma interior PERI UA-58 e UA-59 en Vilaboa, promovido por Aliseda, S.A.U.

Sométese a información pública polo prazo de dous (2) meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de máis ampla difusión da provincia, e na sede electrónica municipal e portal de transparencia municipal do Concello de Culleredo no enderezo: <https://www.culleredo.es/es/transparencia>, para os efectos de que durante o dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, de conformidade co establecido nos artigos 75.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 186.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento.

Durante este prazo poderase examinar o documento na Área de Urbanismo (na casa do concello, situada na rúa do Concello, número 12, Culleredo), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas.

Culleredo, 28 de decembro de 2023

José Ramón Rioboo Castro  
Alcalde presidente

